

BLOQUE

Boletín informativo



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Meis, xaneiro 2007

A GOULLA-PARADELA : PROBA DUN PLAN DE URBANISMO MAL FEITO

Os veciños de Paradela atópanse cada vez máis enfadados ante o rumbo que se lle está dando á súa parroquia e as barbaridades continuas que se están a permitir por parte do concello, no que está sendo a "parroquia máis esnaquizada de Meis".

Sen ir máis lonxe, na zona denominada Recta da Goulla e clasificada no PXOM como SRA-I, os veciños non poden facer unha casa, non poden pechar as súas eiras, non poden facer un garaxe, mentres esa zona non se desenvolva, e para iso poñan os veciños os cartos e os terreos precisos. Mais alá dos custes que lles suporía, o que transmiten é a súa incredulidade ante a formulación feita dende a alcaldía nunha reunión mantida cos veciños da zona, na que se lles dixo que de non poder eles afrontar os custes, había xa "quen lles compraba os seus terreos".

Nas últimas datas sorprendenos ademais os movementos de persoas vinculadas co concello en relación ao intento de compra dos terreos da Recta da Goulla.

Todo isto acontece despois de que o BNG en Meis viñera reclamando de forma sistemática a explicación do PXOM aos veciños, por parroquias, e o consenso e máxima información na elaboración e aprobación dese documento. O PP negouse a ensinalo en tempo e forma suficiente. O PXOM de Meis foi aprobado no 2003 só polo PP de forma rápida, apresurada e sen o coñecemento e opinión da meirande



Recheos na Goulla

parte da cidadanía. O que non lle explica o alcalde aos veciños é que foi el e o seu partido os únicos que aprobaron ese Plan, e míntelles cando lles di en público que foi cousa da Xunta de Galiza (no 2003 gobernaba o PP na Xunta) deixar esa zona con esa denominación. Unha vez máis MINTE aos veciños de Paradela. A Recta da Goulla é un SRA-I porque así o decidiu o señor alcalde e o seu grupo.

E despois pasa o que pasa, e claro, é triste, pero xa se van aclarando os POR QUES destas cousas e formas de actuar do "gobierno" do PP e do alcalde de Meis. Quizais fora convinte preguntarlle ao señor alcalde para quen goberna???

Ou quen goberna realmente o Concello de Meis?? Se temos en

conta, por exemplo, que nesta zona mencionada da Recta da Goulla, algúns non poden facer nada e "outros" fan o que queren.

Os veciños de Meis puideron observar nos últimos meses as obras de recheo que se fixeron nunhas parcelas desta zona. O BNG solicitou no rexistro do concello un informe municipal sobre a legalidade das actuacións realizadas. No concello de Meis hai cidadáns de primeira e de segunda? A uns esixenlle cousas para obrar e a outros non? Esperará, coma sempre, o PP de Meis a que acaben, para dicir despois que paren, cando xa non ten remedio? Ate cando se van seguir rindo dos veciños de Paradela e de todo Meis?.

O BNG DEMANDA PROTECCIÓN PARA O NOSO ARTE RUPESTRE

Outeiro do Cribo.
Un dos petróglifos
máis importantes
de Europa.

Meis posúe un rico patrimonio de arte rupestre e petróglifos (en Meis eran coñecidos co nome de "Pedras Escritas" polos nosos antergos e aínda hoxe polos mais vellos do concello), mais o estado de abandono nos que se atopan case todos eles pode acabar con este ben cultural. Débese realizar un Plan que teña en conta a acotamento e coidado dos petróglifos e dos arredores, que recolla como educar, assimilar e reorientar ao pobo sobre este patrimonio e polo tanto valorar a súa importancia. .

Ben é certo, que Meis non ten a abundancia que pode ter Campo Lameiro, mais o monte Castrove tamén está formado por Poio e Pontevedra, concellos que posúen unha grande riqueza de petróglifos. Os 3 concellos mencionados xa participan de proxectos como o PRODER para potenciar estes xacementos ao aire libre e o noso concello non debe quedar de lado, ten que ter un proxecto que satisfaga a demanda por parte das xentes de coñecer e acceder á arte rupestre. Non se entende que a día de hoxe o PP non teña feito NADA para protexer este ben cultural e histórico. O BNG aposta pola elaboración dun proxecto de creación da Área de arte rupestre Castrove-Meis que teña en conta a recuperación, a sensibilización deste patrimonio por parte da cidadanía, a protección e coidado da zona, a sinalización, garantir a conservación e o mantemento, etc. Por último, pedimos un estudo sobre a posibilidade de engadir a este Plan Específico os castros, mámoas e outros restos de achados prehistóricos.

MEIS NO VAGÓN DE COLA

Sobran as palabras: mentres o malgasto de cartos é evidente nalgúns concellos próximos, en Meis nin os aspectos básicos se cobren. Os que pasan por Meis xa reciben unha primeira mostra de cómo van aquí as cousas.



O BNG SOLICITA RECUPERAR A REITORAL DE NOGUEIRA PARA OS VECIÑOS

A Reitoral da freguesía de San Vicente de Nogueira forma un dos patrimonios máis importantes do concello, mais atópase en estado de abandono desde hai xa varios anos. Aínda hoxe en día, é difícil saber a antigüidade da construción, en 1864 xa se falaba dela, pois tiña como propiedade 95 ferrados abranxidos polos predios de Bouza, A Granxa de Arriba e de Abaixo, Agrelo e Piñoca. Desde o BNG consideramos que é o lugar idóneo para os veciños de Nogueira como lugar de encontro, reunións e como eixo canalizador de actividades, sendo o Centro Social ou Sociocultural que precisa a parroquia. O Concello de Meis pretende facer un Local Social para reunións dos veciños no monte Riás, denominado "aula didáctica". Coidamos que unha maneira de optimizar os nosos escasos recursos económicos e, ó mesmo tempo, ofertar ós veciños esa aula sería investir esa partida no acondicionamento e restauración do edificio reitoral. Ben é certo, que a construción é propiedade da Igrexa, mais un convenio entre as institucións públicas e o Bispado de Santiago (na que podería intervir, entre outros, a Comunidade de Montes de Nogueira) sería beneficioso para a propia Igrexa e para os veciños, e por suposto para a propia edificación e entorno, podéndose converter nun motor que dinamice, una e de pulos ás distintas iniciativas xa existentes na parroquia e todas aquelas que foran xurdindo. O uso compartido entre os veciños e a Igrexa non conlevaría nin poñería en perigo, nun futuro, a posíbel residencia do cura titular pois a Casa é grande de abondo para compaxinar os usos máis necesarios dos veciños de Nogueira e, por outra banda, os do sacerdote. Tarde ou cedo, terase que restaurar a Reitoral de San Vicente se non queremos que vaia desaparecendo co tempo o que sería lamentable, e achamos como mellor alternativa non facer varios gastos senón só un, recuperando un dos símbolos esenciais do patrimonio arquitectónico da parroquia de San Vicente de Nogueira e, polo tanto, do concello de Meis. Unha vez máis, o PP opúxose á nosa proposta.



VICEPRESIDENCIA COS MAIORES DE MEIS

A Consellaría da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar que dirixe Anxo Quintana leva adiante un Programa de estimulación cognitiva e psicomotricidade para persoas maiores. No concello de Meis acaba de subvencionar o parque para maiores recién instalado no campo da feira do Mosteiro, cun importe de 10.440 euros.

Agardemos que estas iniciativas da Consellería sexan do agrado dos nosos veciños e melloren a súa calidade de vida, pois ese é o obxectivo do BNG no goberno galego.



ESCASAS MEDIDAS DE SEGURIDADE NO COLEXIO DO MOSTEIRO

Xa estamos fartos de pedir ao alcalde que tome medidas sobre a inseguridade vial dos nosos rapaces nas rúas dos arredores do colexio do Mosteiro. Semella que este tema non é importante para o mandatario do concello. Mostra disto é que os rapaces seguen subindo e baixando dos autobuses en plena rúa.

Outro dos puntos que o BNG deixou constancia no Pleno Municipal foi o noso rexeitamento á actitude do representante do concello no Consello Escolar, de non iren ás reunións deste organismo de representación. Este concelleiro contestou que o Consello Escolar non vale para nada e non se fai nada. O concello non ten que escoitar aos pais e nais, mestres, profesores, alumnos...? Se cadra non é de interese do concello de Meis coñecer os problemas e as inxerencias dos membros que forman a comunidade escolar no Mosteiro?.

A CONSELLARIA DE MEDIO RURAL ADOPTA AS MEDIDAS NECESARIAS EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS



A Consellaría de Medio Rural acadou coa FEGAMP un convenio coa finalidade de actuar, xunto con todos aqueles concellos que se adhiran, en tarefas de prevención nas zonas delimitadas como faixas de protección de núcleos de poboación ao obxecto de evitar os incendios forestais ou, cando menos, de minorar as súas consecuencias e o seu impacto negativo. O esforzo das actuacións contempladas no presente acordo debe priorizarse manexando criterios que atendan á riqueza do patrimonio forestal existente, a factores de risco potencial de incendios e vulnerabilidade do territorio.

Agardemos que o concello de Meis se sume a esta iniciativa e non se volva a durmir nos loureiros.

Proxecto para rexenerar o Castrove

A Consellaría de Medio Rural aprobou un proxecto consistente na creación dun marco de prevención de incendios que evite a repetición, na medida do posible, dos lumes forestais. Consiste na limpeza das marxes de vexetación susceptible de queimar con facilidade e a creación dunha franxa de 15 ou 20 metros a cada lado das frondosas. O Plan, que afecta a moitos quilómetros de viais, será aplicado, entre outros, a montes das parroquias de San Lourenzo de Nogueira, San Vicente de Nogueira e Armenteira.

A FEIRA DO MOSTEIRO

Desde que ten representación o BNG no concello de Meis, xa foran varias as iniciativas que presentamos no Consistorio para revitalizar a Feira do Mosteiro. Ben é certo, que nunca será o que foi hai anos, pois o sector gandeiro galego desapareceu desta zona polas medidas que tanto o PSOE como o PP realizaron contra Galiza e os nosos sectores produtivos.

A Feira do Mosteiro tivo a súa orixe aló por 1870, coa desaparición da Feira de Barrantes. Nun principio, celebrábase no lugar da Bouza (Zacande-Nogueira), para máis tarde fixarse no Mosteiro, por iso era coñecida como "A Feira Nova", celebrándose os días 9 e 24 de cada mes. Durante o tempo en que estivo Salustiano Vidal Lores como alcalde de Meis, entre 1910 e 1923 aproximadamente, a feira colleu un pulo que a levou a ser durante moitas décadas a máis importante da provincia de Pontevedra e das primeiras da Galiza. As xentes procedían de todos os lugares do país. Os carromateiros viñan do Carballiño transportando viño do Ribeiro e os carneiros de Ourense para mercar gando lañar.

Era unha feira ben estruturada e organizada, na parte máis grande, fronte á casa de Escudeiro, no que hoxe é a Casa da cultura, poñíanse as vacas paridas, logo as preñadas, e seguían (máis cara o sur) as de matar. No entorno do cruceiro estaban as xovencas. Na outra zona do campo, contra a de "Nicolás" estaban os becerros de leite, seguían (cara o sur, cara a de Reboredo hoxe) os bois, logo ían os porcos contra as casas e na mesma liña pero cara á arboreda, á dereita, as ovellas e logo por diante da casa de "Lidia A Ferreira" estaba o gando cabalar. Nos alboios estaban os postos de teas. Diante da de "Sarita do Chincho" e enfronte desta estaban os vendedores de gran, sobre todo "herba de Vigo" pero

tamén centeo e avea. Nesa liña máis cara diante da praza do peixe, na súa cara norte, que tamén tiña un portalón estaban as vendedoras de verduras. No terreo que hai fronte a casa de Xulio estaba "O Ferreiro do Pino". Diante da "Casa de Marucha" estaban os vendedores de vimbias. Por onde ultimamente estaba situado o "quiosco de Carmucha" vendían legóns, fouchiños, aixadas, zocos...e todo tipo de ferramentas e utensilios.

Gumersindo".

Era practicamente un día de festa e facía que o concello e O Mosteiro gozasen de vida plena. O PP non soubo parar durante todo este tempo a súa morte paulatina revitalizándoa con outros atractivos, pois non houbo nin hai vontade política. O BNG quere que a xente veña a Meis e a Feira pode ser ese acto comercial, lúdico, festivo e tamén cultural, que con os alicientes oportunos e cos cambios



A Feira do Mosteiro a comezos do século XX

Habia as seguintes casas de comidas, a "Casa dos de Queiro", a de Rosa de Xiraldes que daba comidas "Rosita" (afamado restaurante cambadés), a de "Segundo de Lopes", a de "Nicolás", a "da Cota" que daba comidas "A Ferreira" de Cambados, a de Pastora...Moita xente tamén ía comer "Á Rochela", pois era mesón, o único sitio que daba camas e comidas a diario, pero acudía tamén a comer moita xente da feira. Moito despois, fará agora uns sesenta anos, apareceron outras casas de comidas como "A de

necesarios, como poñela os domingos, consiga que o noso concello sexa un referente da fin de semana para moita xente e onde os veciños de Meis poidan beneficiarse do evento.

Unha vez mais o BNG, no pasado mes de Novembro, volveu solicitar o traslado ó domingo, e a toma de todas aquelas iniciativas xa reiteradamente propostas por parte dos nacionalistas para convertela nun punto de encontro e de dinamización do concello, e encher de vida e actividades os fins de semana meisinos.

Máis información do BNG:

www.bng-galiza.org/osalnes
E-mail: salnes@bng-galiza.org

